1 MES 1 PROFESIÓN DIXITAL

XORNADA
Faite Profesional da Banca do Futuro

Roberto Baratta (Ourense, 1970)

Formación: Enxeñeiro Superior en Informática. Máster en E-Business.

-Que fai un experto en seguridade informática?

-Velar pola integridade, confidencialidade e dispoñibilidade da información e da infraestrutura e procesos que a sustentan nunha organización.

-Como chegaches a esta profesión?

-Tras diferentes competencias e responsabilidades como profesional das TIC nunha entidade financeira, fun reclutado internamente para asumir competencias de seguridade da información.

- Que oportunidades de futuro representa?

O rápido desenvolvemento da Sociedade da Información supón un aumento exponencial dos usos, servizos e costumes relacionados, e polo tanto dos riscos e da necesidade de xestionalos.
Isto unido ao tamén rapidísimo incremento da regulación neste eido (privacidade, riscos,…) fan desta profesión unha das que rexistra maior índice de crecemento e de esixencia dos últimos anos.
As oportunidades son ilimitadas neste momento para moitos perfís diferentes: informáticos, telecos, avogados, enxeñeiros,…..

- Que recomendacións lle darías a quen queira orientar o seu futuro laboral cara a esta profesión?

Buscar unha formación específica axeitada. Existen másteres específicos de moito valor. E por suposto unha formación académica ampla, incluíndo competencias adicionais.